

Invasión

Daniel Martínez Veiga

Hai moito tempo, case nadie se acordaba deste acontecemento. O día 13, martes de marzo, nun centro comercial de Coruña apareceu un gnomo. E ameazou de que o rei Ismaíl ía a invadir este mundo.

Ao seguinte día apareceron moitos ananos, e ían dirixidos por ese Ismaíl.

Unha desatada guerra invadiu a cidade. Como era de esperar, os humanos, desesperados, prepararon as súas mellores armas, e, ... a cazar!!!

A pelexa entre os ananos e as persoas durou bastante, pois os gnomos cada vez eran máis!!

Pero un home moi honrado dixo:

-Capturemos ao rei, e se non se rinden, matámolo!!

Todos foron a por Ismaíl, e, despois de atizarlle un pouco, os ananos rendíronse. E os que aínda tiñan vida foron ao seu planeta.

Pero non soltaron a Ismaíl. Laváronlle o cerebro e regalaronllo ao humilde que tivo a idea...